

Luns, 27 de abril de 2026

Núm. 78

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MARÍN

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

PROTOCOLO DE AUTORIZACIÓN E XESTIÓN DE COLONIAS FELINAS POLO MÉTODO CES/CER

PROTOCOLO DE AUTORIZACIÓN E XESTIÓN DE COLONIAS FELINAS POLO MÉTODO CES/CER NO MUNICIPIO DE MARÍN

1. INTRODUCCIÓN

Este protocolo é froito do compromiso do Concello do Marín por alcanzar o máximo nivel de protección e benestar dos animais e favorecer a responsabilidade e concienciación da cidadanía na defensa e preservación das colonias felinas.

A Lei 7/2023, de 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais no capítulo VI do seu título II regula as colonias felinas. En concreto, recóllense no artigo 39 da Lei 7/2023, de 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais as funcións da Administración local:

“1. En ausencia doutra previsión na lexislación autonómica e, respectando o ámbito competencial establecido pola lexislación vixente, corresponde ás entidades locais a xestión dos gatos comunitarios, a cuxos efectos deberán desenvolver programas de xestión de colonias felinas...”

A fin de alcanzar o máximo nivel de protección e benestar destes animais e de favorecer a responsabilidade e concienciación da cidadanía na defensa e preservación das colonias, coa xestión de colonias felinas polo método CES/CER preténdese tanto promover a protección destes animais como controlar adecuadamente a súa poboación mediante a esterilización e o control sanitario, onde as condicións o permitan.

2. MARCO LEGISLATIVO

Lei 7/2023, de 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais.

Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Lei 8/2003, de 24 de abril, de sanidade animal.

Lei 4/2017, de 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía de Galicia.



Luns, 27 de abril de 2026

Núm. 78

Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, polo que se regula a tenencia de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia e créanse os rexistros galegos de identificación de animais de compañía e potencialmente perigosos e de adestradores caninos.

3. OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS

O obxecto deste proxecto é a elaboración e posterior aprobación e aplicación dun Programa municipal de xestión de colonias felinas onde se definirán os criterios e condicións que se deben cumprir para a xestión, mediante o método CES/CER (Captura- Esterilización – Solta), das colonias controladas de gatos urbanos, periurbanos e rurais no municipio de Marín ; cuxa finalidade é conseguir a mellora da calidade de vida dos gatos, diminuír os problemas de superpoboación e xerar beneficios por unha adecuada integración na realidade existente no municipio de Marín que contribúa á súa socialización e convivencia.

As poboacións de gatos urbanos poden ter diversas orixes, que inclúen o abandono de animais non identificados por parte dos seus propietarios/as, exemplares procedentes doutras colonias que se desprazan na procura de novos recursos, exemplares domésticos perdidos, camadas procedentes de gatas con propietarios/as non esterilizadas e de hábitos deambuladores, que tiveron a súa camada fóra de casa. Unha vez establecida a poboación, é a propia de natalidade interna da mesma o principal elemento que a mantén e a incrementa.

Unha colonia controlada de gatos é un grupo de gatos e gatas esterilizados/as cirurxicamente, que conviven nun espazo público ou privado, que son controlados sanitariamente e coidados.

Controlar o tamaño e adecuación das colonias mediante a súa esterilización é o obxectivo que o Concello De Marín desexa acadar con este procedemento de autorización, rexistro e xestión de gatas e gatos urbanos, periurbanos e rurais. Este modelo permite:

- Reducir ou eliminar os posibles problemas que poidan xurdir asociados á presenza de gatas e gatos urbanos, periurbanos e rurais non controlados.
- Estabilizar o tamaño das colonias, diminuindo o volume de animais ingresados nos centros de acollida.
- Favorecer a colaboración dos colectivos de alimentadores/as e colaboradores/as (imprescindible en moitos casos para a efectividade dos programas de control).
- Diminuír os conflitos veciñais asociados á presenza de gatos comunitarios.

Por este motivo, faise necesario establecer un programa de xestión de colonias felinas urbanas, periurbanas e rurais. Programa cuxo obxectivo é establecer un protocolo para a autorización, rexistro e xestión das colonias por parte dos servizos municipais implicados, asociacións protectoras de animais e colaboradores/as autorizados/as polo Concello.

Este proxecto apóiase no labor da sociedade e facilita a colaboración de persoas voluntarias, colectivos e asociacións sen ánimo de lucro de protección animal e veterinarios/as quen, xunto co Concello de Marín, traballan pola protección animal, cumprindo a demanda e obriga de



Luns, 27 de abril de 2026

Núm. 78

respecto cara aos animais. A prioridade, e o método de traballo, será sempre lograr a mellora das condicións das colonias felinas e facilitar a convivencia entre a cidadanía e os animais.

Unha aplicación adecuada do método CES/CER permite, co transcorrer do tempo, que diminúa o tamaño das colonias e se consiga controlar o número de poboación felina urbana, periurbana e rural dunha forma natural e eficaz. Nos casos de forza maior desprazárase a colonia a un lugar próximo, accesible para os animais e que non lles supoña risco ningún (CES).

Para os animais que, polo seu carácter sociable ou por causas de saúde, non poidan volver á colonia, reforzase a colaboración coas asociacións de protección animal para promover a adopción, residencia ou acollida e fomentaranse os acordos cos refuxios e asociacións para que colaboren na súa xestión.

Polo tanto, os obxectivos específicos son:

- Control das colonias de gatos comunitarios no termo municipal de Marín mediante o método CER evitando a proliferación do número de individuos e reducindo o número de gatos comunitarios.
- Cumprir o benestar animal nas colonias de gatos comunitarios ou urbanos.
- Reducir ou eliminar as molestias debidas á presenza de gatos urbanos (cheiros, insalubridade, ruídos, rifas, loitas e disputas etc.).
- Establecer mecanismos de mediación para resolver os posibles problemas e conflitos que estas colonias poidan xerar cos veciños e veciñas.
- Mellorar as condicións sanitarias dos gatos das colonias urbanas e de salubridade da contorna na que se atopa.
- Crear, manter e actualizar o censo de colonias e gatos no termo municipal de Marín.
- Evitar o abandono de gatos mediante campañas de concienciación cidadá destinadas a potenciar a identificación e esterilización dos gatos domésticos, así como a erradicación da cría doméstica e fomento da adopción.
- Favorecer a colaboración dos colectivos e voluntarios/as en coordinación co Concello.

4. ALCANCE

Este procedemento é de aplicación no ámbito territorial do concello de Marín. En ningún caso se atenderán gatos ou gatas procedentes de particulares.

5. DEFINICIÓNS

Adopción de animais: transmisión da titularidade de animais abandonados, desamparados ou comisados, realizada por un centro de protección animal ou entidade de protección animal en favor dun terceiro, formalizada como tal a través do correspondente contrato, nos termos dispostos na Lei 7/2023.



Luns, 27 de abril de 2026

Núm. 78

Animal abandonado: todo animal incluído no ámbito de aplicación da Lei 7/2023, que vaga sen o acompañamento ou supervisión de ningunha persoa, estando ou non identificada a súa orixe ou persoa titular ou responsable e non sendo comunicada ou denunciada a súa desaparición na forma e prazos establecidos. Así mesmo, serán considerados animais abandonados aqueles que permanezan atados ou no interior dun recinto ou leira sen ser atendidos nas súas necesidades básicas pola persoa titular ou responsable, e todos aqueles que non fosen recollidos polos seus titulares ou responsables dos centros de recollida no prazo establecido, así como das residencias, centros veterinarios ou outros establecementos similares nos que os depositaron previamente. Exceptúanse desta categoría os gatos comunitarios pertencentes a colonias felinas.

Animal extraviado: todo aquel que dentro do ámbito da Lei 7/2023 que, estando identificado ou ben sen identificar, vaga sen destino e sen control, sempre que os seus titulares ou responsables comunicasen o seu extravío ou perda na forma e prazo establecidos á autoridade competente.

Centro de protección animal: establecemento para o aloxamento e coidado dos animais extraviados, abandonados, desamparados ou incautados, sexan de titularidade pública ou privada, dotado da infraestrutura adecuada para a súa atención e das autorizacións legalmente aplicables.

CER: método de xestión que inclúe a captura, esterilización e retorno de gatos comunitarios a través de medios non lesivos para os animais.

Hai que entender que a realización de esterilizacións insuficientes ou dispersas non vai reducir a poboación das colonias felinas, polo que a estratexia e planificación da xestión son fundamentais. O efecto desta estratexia será aínda maior se se planifica en grupos ou colonias adxacentes, polo que a valoración territorial e global á hora de deseñar os plans de xestión son unha ferramenta de gran valor estratéxico.

Polo tanto, antes de pasar á seguinte colonia de gatos débese alcanzar, polo menos, un 80% de gatos esterilizados da colonia anterior, para evitar o crecemento poboacional e a dilapidación de esforzos económicos e humanos. A esterilización de individuos soltos en cada grupo é ineficiente.

Colonia felina: para os efectos da Lei 7/2023 e da súa protección e control poboacional, considérase colonia felina un grupo de gatos da especie *Felis catus*, que viven en estado de liberdade ou semiliberdade, que non poden ser abordados ou mantidos con facilidade polos seres humanos debido ao seu baixo ou nulo grao de socialización, pero que desenvolven a súa vida ao redor destes para a súa subsistencia.

Colonia controlada de gatos/as esterilizados/as: poboación autorizada de gatas e gatos urbanos sobre a que se aplicou o método CES/CER, acompañado do correspondente seguimento e control da evolución desta. O seu obxectivo é diminuír o tamaño das poboacións e a súa taxa de crecemento incidindo sobre a súa fertilidade.

Gato/a comunitario/a: gato/a que vive en liberdade pero vencellado a un territorio, carecendo de persoa propietaria ou posuidora, sen que poidan considerarse como tales quen de forma habitual ou esporádica lle proporciona alimento ou outro tipo de atencións.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:3GU4PWU87BVX3C5Y



Luns, 27 de abril de 2026

Núm. 78

Coidador/a de colonia felina: persoa, debidamente autorizada, que atende os gatos pertencentes a unha colonia, seguindo un método de xestión de colonias felinas, sen que poida considerarse persoa titular ou responsable dos gatos da mesma. **Voluntario ou voluntaria:** terá esta consideración a persoa que, autorizada polo Concello do Marín, e de acordo co descrito no acordo específico para a estabilización da colonia, comprométase a ocuparse do coidado e atención dos animais, así como o control da inmigración e outras accións que resulten necesarias para a viabilidade e mantemento da colonia.

Coordinador de colonias felinas: entidade de protección animal con experiencia en xestión de colonias, ou persoa colaboradora con esta, ou coidadora con experiencia suficiente demostrable, autorizada como tal polo Concello de Marín, que realiza a función de mediación e interlocución entre o Concello, outras entidades participantes e os/vos coidadores/as de colonias.

Entidade de protección animal: terán esta consideración as asociacións de protección animal que colaboren co Concello de Marín na consolidación e control das colonias felinas, debendo estar rexistradas no rexistro municipal, autonómico ou nacional.

Gato deambulador: aquel gato que sae sen supervisión ao exterior do fogar do seu titular.

Xestión de colonias felinas: procedemento normalizado, acorde ao desenvolvemento regulamentario establecido pola administración competente, mediante o cal un grupo de gatos comunitarios non adoptables, son alimentados, censados e sometidos a un programa sanitario e de control poboacional CER, controlando a chegada de novos individuos.

Esterilización: método clínico practicado por profesionais veterinarios colexiados polo cal se realiza unha intervención cirúrxica ou medicamentosa sobre o animal co obxectivo de evitar a súa capacidade reprodutora.

Protección animal: conxunto de normas e actuacións orientadas a amparar, favorecer e defender aos animais.

Refuxio definitivo para animais: refuxio ou centro autorizado para a estancia permanente de animais que foron abandonados, comisados, cedidos voluntariamente, rescatados ou nunha circunstancia similar, no que permanecen ata a súa morte sen que poidan ser en ningún caso obxecto de utilización ou venda.

Recolocación: método polo que, nas condicións excepcionais recollidas na Lei 7/2023, retírase unha colonia felina dun emprazamento, trasladándose a un novo acondicionado para ese efecto, coa supervisión dun profesional veterinario e respectando o benestar e a saúde dos gatos.

Tenencia responsable: conxunto de obrigas e condicións que debe asumir a persoa titular ou responsable dun animal para asegurar a protección e benestar dos animais conforme ás súas necesidades etiolóxicas e fisiolóxicas.



6. PRINCIPIOS BÁSICOS DO SISTEMA DE XESTIÓN DE COLONIAS

A xestión das colonias felinas basearase nos seguintes principios básicos:

- Educación e mellora da sensibilidade cidadá cara aos animais en xeral e os gatos en particular, que se levará a cabo polo Concello e colaboradores de protección animal con experiencia na xestión de colonias e aplicación do método CER.
- Organizaranse charlas e accións formativas, seminarios, información en páxina web e follas de información aos propietarios e propietarias de gatos e animais en xeral para tentar obter un cambio na educación cara aos animais.
- Fomentar a esterilización temperá dos gatos. Dirixiranse aos propietarios e propietarias dos felinos explicando todos os efectos beneficiosos que teñen: a redución do cheiro nos ouriños e diminución considerable da conduta de marcaxe con esta, importante rebaixa do nivel de tensión do gato e das interaccións violentas con outros gatos, redución drástica da incidencia de aparición de tumores de mama na gata e minimización da predisposición á aparición de obesidade se o comparamos coa esterilización máis tardía.
- Formación dos/as voluntarios/as e intercambio de información e experiencia con outras asociacións. As persoas coidadoras poderán colaborar se están formadas en como manexar un gato/a, como evitar danar e ser danado no momento deste manexo, como limpar e desinfectar os utensilios felinos, como se transmiten as enfermidades infecciosas nos gatos/as e o papel de ser humano como transporte de enfermidades, como se estrutura a colonia e por que non se deben mesturar animais de orixes diferentes.
- Concienciación social para diminuír o abandono e fomentar a adopción. As campañas de concienciación e información cidadá debe ser unha tarefa para abordar coordinadamente entre o Concello e as Asociacións de defensa e protección animal a través das súas redes de comunicación cos seguintes obxectivos:
 - Potenciar a identificación e esterilización dos gatos domésticos.
 - Informar a cidadanía da problemática existente e do incremento de riscos sanitarios que leva a proliferación de colonias felinas non controladas.
 - Concienciar sobre a necesidade de evitar o abandono animal e promover a adopción.
 - Solicitar a necesaria colaboración nasúaimplantación, xestión e desenvolvemento.
- Xestión de colonias felinas. A aplicación do método CER para a xestión das colonias felinas é a estratexia recomendable que permite frear e reducir o número de gatos en colonias, con pleno respecto ao benestar animal e ao medio ambiente, procurando reducir as molestias a persoas e sendo respectuosos coas distintas sensibilidades.



Luns, 27 de abril de 2026

Núm. 78

7. XESTIÓN DAS COLONIAS FELINAS

7.1 XESTIÓN DE SOLICITUDES

A cidadanía interesada na autorización/rexistro dunha colonia felina deberá presentar a solicitude de autorización/alta de colonia mediante unha declaración responsable, ao servizo municipal competente e encargado da súa xestión. A solicitude deberá incluír: o nome, o teléfono de contacto e o correo electrónico dos/as colaboradores/as propostos/as, localización da colonia e descrición do número de gatos e gatas (Anexo I).

O servizo municipal competente na materia, tras a análise da solicitude formulada, realizará unha visita á localización para saber se é autorizable ou non esta colonia, tendo en conta os criterios de saúde pública, sanidade ambiental, características da localización, seguridade etc. No caso de que sexa autorizada procederase a rexistrar a colonia e os gatos e gatas que a conforman, así como a persoa autorizada que se faga responsable dela.

Unha vez autorizada a colonia, as persoas solicitantes e colaboradoras serán as encargadas da xestión. Con carácter xeral, as colonias poderán estar situadas nalgún dos seguintes espazos:

- Vías e espazos públicos.
- Parques e zonas axardinadas municipais.
- Soares e descampados de titularidade municipal.
- Calquera localización de dominio público ou privado.

Naqueles casos nos que a localización da colonia sexa causa de conflito e/ou discrepancia veciñal, o Concello de Marín poderá colaborar realizando información e formación sobre os beneficios da xestión controlada das colonias CES entre a veciñanza afectada e, se fose preciso, mediación entre as partes, sempre que as condicións de saúde pública, protección ambiental e da contorna e seguridade o permitan.

Así mesmo, as entidades colaboradoras poderán actuar como intermediarias/mediadoras naqueles posibles casos de conflito entre a xestión das colonias.

As solicitudes poderán presentarse por medio de dúas vías:

- Solicitudes de colaboración de control das colonias felinas por medio do método CES.
- Como consecuencia de queixas ou avisos formulados pola cidadanía, ou por calquera organismo ou entidade, pola existencia de gatos/as urbanos/as sen xestionar nun determinado lugar.

Realizarase, en ambos os casos, unha avaliación consistente nun estudo da zona e da contorna onde se atopen os animais, número de exemplares existentes, valoración da situación e impacto desta localización; así como a identificación dos posibles colaboradores, co fin de pór en marcha o procedemento da autorización de maneira inmediata e exitosa.

A xestión do procedemento mediante o método CES será a opción prioritaria e imprescindible para a solución das molestias veciñais causadas pola ausencia de control destas colonias.



Luns, 27 de abril de 2026

Núm. 78

Con este método minimízanse, entre outras, as posibles molestias derivadas da vocalización característica da femia en celo, redúcense as condutas de marcaxe e o comportamento agresivo dos machos e, polo tanto, as pelexas. Ademais, ao ter a poboación esterilizada, evítanse novas camadas e o crecemento da poboación, ademais de facilitar a mellora do seu estado de saúde por estar controlados sanitariamente e recibir unha alimentación adecuada.

O Concello de Marín elaborará e manterá actualizada unha listaxe das entidades colaboradoras, así como de colaboradores/as autorizados/as. Requirirase especialmente o apoio das entidades colaboradoras que figuren na listaxe para xestionar o control das colonias.

O Concello de Marín autorizará aos/ás colaboradores/as dotándoos dunha identificación. Os colaboradores e colaboradoras autorizados/as deberán asinar un documento de compromiso do servizo municipal competente.

7.2 ALIMENTACIÓN, LIMPEZA, ATENCIÓNS MÍNIMAS E COIDADOS SANITARIOS

CRITERIOS PARA A ALIMENTACIÓN

Os criterios para a alimentación son:

- As colonias poderán ser alimentadas polas asociacións e persoas voluntarias.
- O alimento para subministrar será penso seco e húmido para gatos segundo os casos. Utilizarase penso húmido para as capturas (co fin de que entren os animais nas gaiolas, pois o cheiro da comida húmida ten unha maior atracción) ou para tratamentos sanitarios.
- Estas zonas, se estivesen preto de vivendas ou construcións de terceiras persoas, deben manterse moi limpas e asegurarnos de que, unha vez alimentados os gatos, non quede comida húmida que poida ser alimento de pragas como insectos e/ou ratas. Isto sería aínda máis importante se estamos a falar de comida húmida, pois este tipo de alimentos se estragan moito máis rápido e os gatos, cun sentido do sabor excelente, non o comerán pasadas unhas horas, podendo ser fonte de problemas coa veciñanza da contorna da colonia.

CRITERIOS PARA A LIMPEZA E DESINFECCIÓN/DESINSECTACIÓN

Este aspecto é fundamental para manter a saúde da colonia e evitar conflitos derivados de malos cheiros e falta de hixiene. Unha hixiene adecuada minimiza a transmisión de enfermidades e permite convivir a un número maior de gatos.

Recoméndase que tanto os utensilios empregados para a comida e bebida dos gatos como as zonas onde se alimenten estean limpos, hixienizados, desinfectados e desinsectados, se fose necesario.

A limpeza e a desinfección son dúas das tarefas fundamentais que se deben levar a cabo nas colonias. Estas medidas permiten que os animais poidan convivir xuntos nunhas condicións de hixiene adecuadas, diminuindo enormemente o contaxio de enfermidades infecciosas e a



Luns, 27 de abril de 2026

Núm. 78

sensación da sucidade da contorna. Isto é de grande importancia porque favorece a boa imaxe ante a veciñanza e diminúe a probabilidade de que aparezan conflitos.

Consistirá na eliminación da sucidade orgánica ou inorgánica macroscópica. A desinfección é a eliminación da sucidade microscópica ou potencialmente infecciosa. Unha non pode substituír a outra pois non hai desinfección sen limpeza e viceversa.

7.3 APLICACIÓN DO MÉTODO CER

A xestión ética das colonias felinas consiste na captura e control sanitario dos gatos comunitarios, a súa esterilización, marcaxe e retorno á súa colonia de orixe. Os programas CER son a base e a mellor ferramenta para controlar a poboación das colonias comunitarias e manter a súa saúde. Ademais, permite mellorar as condicións de salubridade da contorna onde viven, das propias colonias e gatos que a compoñen e, consecuentemente, eliminar as molestias que poden ocasionar as colonias non xestionadas e mellorar a percepción destas por parte da cidadanía.

Hai que deixar claro que o sistema de marcaxe que se utilizará será o escollido polo veterinario ou veterinaria. Esta marcaxe facilita a identificación visual dos gatos esterilizados e evita a súa nova captura.

Actualmente, a parte da Xestión directa do Concello con voluntarias/coidadoras e veterinarios locais tamén estamos adheridos ao convenio de colaboración coa Deputación de Pontevedra a través do que se xestiona o método CER. As fases do proceso, mentres estea vixente este convenio, serán:

1º Captura e transporte. Exponse como obxectivo principal a actuación “colonia por colonia” e con alta intensidade para xerar o impacto desexado canto antes. É dicir, trabállase sobre unha colonia e captúrase o máximo de animais posibles no menor tempo posible e non se pasa a outra colonia ata ter a anterior controlada, cun mínimo do 80% – 90%, e facendo seguimento desta para controlar que non haxa camadas; perseguindo o 100% do control poboacional como obxectivo.

Para esta fase hai dúas opcións:

Opción 1: solicitar a CAAN que proceda á captura e transporte. Neste caso terase que indicar cal é a colonia á que terán que acudir seguindo as súas indicacións.

Opción 2: realizar a captura dos felinos comunitarios por parte dos voluntarios ou voluntarias. Neste caso terase que comunicar, previamente, ao Concello o número de gatos/as comunitarios/as e as colonias ás que pertence para solicitar a CAAN que realice o transporte para as súas instalacións e, así, poder realizar a esterilización.

As capturas realizaranse mediante gaiolas trampa de caída. Trátase de gaiolas metálicas que dispoñen dun sistema manual ou automático de peche que se acciona cando o animal accede ao interior para comer o alimento colocado previamente nela, e deberán dispor dun sistema de



Luns, 27 de abril de 2026

Núm. 78

bloqueo para evitar fugas. As gaiolas trampa deben ser fáciles e seguras de utilizar tanto por parte das persoas voluntarias como para os animais.

Teñen que ser fáciles de transportar e, sobre todo, fácil de extraer os gatos/as para poder operalos/as.

Nas capturas poderá contarse coa colaboración das persoas coidadoras e voluntarias das colonias ou a empresa que o Concello contrate.

Á hora de pór en práctica a captura, deberase ter en conta o feito de non alimentar a colonia polo menos as 24 horas previas á captura. En canto se capturaran os gatos obxectivo, hai que alimentar o resto da colonia.

Só se capturará un animal por gaiola. No caso de que entren dous animais na gaiola, vixiarase que esta soporte o peso de ambos os dous para que non se produza ningún accidente durante o traslado que poida ocasionar a perda dalgún animal por escapar da gaiola de captura e esta será asegurada con bridas ou cordas para evitar que sexa forzada para escapar.

Ata o momento do traslado, a gaiola ou portaalforxas co animal capturado colocárase nun lugar tranquilo e resgardado, se é posible ás escuras, debendo cubrirse cunha tea opaca de forma inmediata, para evitar que o animal teña referencias da contorna na que se atopa.

O tempo desde a captura do animal ata o seu retorno deberá ser o mínimo posible, co fin de garantir a súa protección e non aumentar o seu nivel de tensión.

2º Esterilización. A esterilización será realizada por parte dos/as veterinarios/as existentes en CAAN. Ademais, aproveitarán a captura do animal no protocolo CER para realizar a desparasitación, identificación mediante a colocación do microchip e marcaxe do animal.

3º Retorno, condicións e requisitos. Unha vez esterilizados os animais, devolveranse en canto estean espertos da sedación no menor tempo posible. Os gatos sociables, unha vez identificados, marcados, desparasitados e esterilizados, serán postos en adopción na medida do posible; aínda que seguirán vivindo na súa colonia ata atopar unha familia apropiada para eles, conforme o protocolo de adopción do Concello.

7.4 ACORDO ESPECÍFICO PARA A ESTABILIZACIÓN DA COLONIA FELINA

As actuacións de control mediante o método CES/CER fan que os gatos libres poidan vivir durante máis tempo, con maior calidade e baixo o control das persoas que os coidan. Por iso, as asociacións proporcionarán formación e información ás persoas colaboradoras sobre o método e a súa correcta implantación.

O Concello de Marín realizará as actuacións divulgativas necesarias para trasladarlle á cidadanía a información pertinente, baseada na evidencia dispoñible, sobre a idoneidade desta estratexia para o control das poboacións de gatos urbanos, periurbanos e rurais coa participación, no seu caso, das entidades colaboradoras. Estas entidades colaboradoras levarán a cabo as accións de mediación oportunas.



Luns, 27 de abril de 2026

Núm. 78

Priorizarase a participación e formación mediante a realización de cursos e obradoiros para persoas colaboradoras, entidades colaboradoras, policía municipal, servizos de limpeza etc., nos que se establecerán as pautas comúns para o correcto control das colonias: método de captura CES, alimentación, protocolos de hixiene e traslados, entre outros.

Regularase a figura das persoas colaboradoras, que se identificarán mediante un carné expedido polo Concello de Marín e seguirán o protocolo establecido neste programa.

O control da colonia, a súa alimentación, a salubridade, a hixiene e o estado de saúde dos animais, poderase realizar dunha forma máis eficaz desde as xestoras das colonias, xa sexan entidades ou persoas colaboradoras; pero, en todo caso, deberá ser supervisado polas entidades colaboradoras. Desta forma, lograrase unha xestión da colonia, seguindo as boas prácticas da súa implantación, conseguindo unha convivencia respectuosa entre a cidadanía e os gatos e gatas das colonias.

7.5 MANTEMENTO DA COLONIA

O correcto mantemento da colonia leva consigo o seguinte:

- Subministración controlada do alimento adecuado, que en todo caso será penso seco. Poderase utilizar penso húmido para a súa captura ou para tratamentos sanitarios.
- Hixienización periódica de comedeiros e bebedoiros, que deberán ser de aspecto e material aceptables, e colocaranse agochados en áreas pouco visibles para favorecer a boa aceptación do proxecto. Nunca se deixarán alimentos no chan e os restos limpanse diariamente para evitar situacións de insalubridade.
- Se se instalan areeiros, realizarase unha limpeza periódica para asegurar as condicións adecuadas de salubridade e hixiene da zona.
- Control de inmigración: detección da incorporación de novos exemplares para o seu control sanitario e esterilización.
- Elaboración, por parte da entidade colaboradora, dun informe periódico sobre a situación da colonia onde se incluírán, como mínimo, as condicións de salubridade da zona onde se emprazan os/as gatos/as, estado no que se atopan os animais e tratamentos veterinarios practicados no seu caso.

7.6 SEGUIMIENTO

O seguimento da colonia, incluído o control de inmigración e das condicións xerais da localización e dos animais e a comunicación entre as partes, será efectuado pola adxudicataria da licitación do control das colonias felinas co apoio, no seu caso, das entidades colaboradoras ou das persoas voluntarias.

De existir algunha incidencia, esta deberá ser notificada ao servizo municipal competente.



Luns, 27 de abril de 2026

Núm. 78

7.7 PROTOCOLO DE ADOPCIÓN

Considéranse adoptables:

- Gatos abandonados ou perdidos. Nese caso deberase tentar por todos os medios atopar o seu propietario/a, ler o microchip se o houbese etc. En caso de non atopar a persoa propietaria, o animal pasará á adopción responsable.
- Cachorros nados na colonia, sempre que non superen as 8 – 9 semanas. Estes animais poderanse entregar en adopción responsable de forma que sexa posible a súa socialización. Non deberán separarse da súa nai ata estar destetados.
- Gatos novos e adultos sociables, nados na colonia, que, como consecuencia da exposición e contacto reiterado cos seus coidadores, mostran o seu carácter sociable independentemente da súa idade. Estes gatos sociables, sacados das colonias para pasar a un proceso de adopción, non deben volver á colonia xa que se poría nun estado de vulnerabilidade e se poría en risco a súa vida.

Estes gatos poderanse levar a casas de acollida, segundo dispoñibilidade, mentres se xestiona a adopción. As persoas que acollan ou adopten estes animais asumirán a responsabilidade do seu coidado de acordo ás condicións que se establezan desde o Concello. En todo caso, mentres estea en acollida, o microchip permanecerá a nome do Concello e en caso de adopción pasará a nome da persoa que o/a adopte.

A adopción levarase a cabo mediante a firma do contrato entre o Concello e o/a adoptante.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:3GU4PWU87BVX3C5Y



Luns, 27 de abril de 2026

Núm. 78

ANEXO I**SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DA COLONIA FELINA NO MUNICIPIO DE MARÍN
XESTIONADA POLO MÉTODO CES/CER**

(Para cubrir pola Administración local) Nº DE EXPEDIENTE:

A persoa que asina este documento, solicita a colaboración do Concello do Marín na consolidación da colonia de gatos/as urbanos/as esterilizados/as de referencia, que será xestionada polo método CES/CER e cuxas características se describen aquí.

1.DATOS DO/DA SOLICITANTE

DNI, NIF, NIE ou CIF:

Nome completo ou razón social:

Domicilio (rúa, n.º, portal, andar, CP, municipio, provincia):

Teléfono: _____ Correo electrónico

Pertence a persoa solicitante a algunha asociación protectora de animais rexistrada?

(En caso afirmativo, asignar a persoa que pertenza, o nome da asociación e o municipio onde está rexistrada)

2 DATOS DO/DA REPRESENTANTE(cubrirase se actúa a través de representante)

DNI, NIF, NIE ou CIF: _____

Nome completo ou razón social:

Domicilio (rúa, n.º, portal, andar, CP, municipio, provincia):

Teléfono: _____ Correo electrónico

3 DATOS DA COLONIA

Tipo de vía: _____ Enderezo:

Descrición da colonia (localización e estado actual):

N.º aproximado de animais:

Os animais están esterilizados no momento da solicitude? Si ☐Non ☐

O/a asinante solicítalle ao Concello do Marín a autorización da colonia felina descrita neste mesmo documento como colonia xestionada polo método CES/CER. No caso de recibir a dita autorización por parte do Concello, as persoas solicitantes e colaboradoras comprométese a cumprir con todo o estipulado neste documento (Protocolo de Autorización e Xestión de Colonias Felinas polo método CES/CER no municipio de Marín). Igualmente, o/a asinante declara coñecer e aceptar os termos do citado documento.

de _____ do 20

Sinatura:

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:3GU4PWU87BVX3C5Y



Luns, 27 de abril de 2026

Núm. 78

ANEXO II**Convenio de colaboración entre o Concello de Marín e as persoas coidadoras de colonias felinas rexistradas en Marín****REÚNENSE:**

Dunha parte, o Concello de Marín, representado por D^a. María Ramallo Vázquez, Alcaldesa. E doutra, D./D^a [Nome e apelidos], con DNI [número], domiciliado/a en [endereço], en adiante a persoa colaboradora/coidadora da colonia felina [nome].

EXPOÑEN:

1. Que o Concello de Marín, en cumprimento da Lei 7/2023, do 28 de marzo, e da Lei 4/2017, do 3 de outubro, é competente para o control e xestión ética das colonias felinas existentes no termo municipal.
2. Que a persoa ou entidade asinante vén colaborando voluntariamente na atención, alimentación e control dunha ou varias colonias felinas.
3. Que ambas partes están interesadas en formalizar un marco de colaboración que garanta o benestar dos animais e a convivencia cidadá.

ACORDAN:

Primeiro. Obxecto.

Regular a colaboración da persoa ou entidade coidadora na xestión e control da colonia felina con número de rexistro [nº de rexistro], baixo a supervisión do Concello.

Segundo. Compromisos da persoa colaboradora.

- a) Manter a limpeza da zona de alimentación e evitar molestias ao vecindario.
- b) Facilitar o acceso do persoal municipal ou veterinario cando sexa necesario.
- c) Comunicar ao Concello calquera alta, baixa ou incidencia na colonia.
- d) Non retirar nin incorporar animais sen autorización municipal.
- e) Asegurar que a alimentación se realiza en horarios e puntos acordados.

Terceiro. Compromisos do Concello de Marín.

- a) Esterilizar, vacinar, desparasitar e identificar os gatos da colonia, a través do convenio coa Deputación de Pontevedra, programa CES realizado por CAAN centro de acollida e protección de animais.
- b) Facilitar penso para alimentación das colonias.
- c) Facilitar material (gaiolas trampa, etc.) cando sexa necesario.
- d) Manter actualizado o rexistro municipal de colonias felinas.
- e) Ofrecer cobertura veterinaria básica en casos urxentes.
- f) Protexer ás persoas coidadoras fronte a posibles sancións ou denuncias, recoñecendo oficialmente a súa función.

Cuarta. Vixencia.

O presente convenio terá unha duración dun ano, prorrogable automaticamente salvo denuncia expresa de calquera das partes.

Quinta. Protección de datos e responsabilidade.

As partes comprométense a cumprir coa normativa de protección de datos e a actuar sempre en beneficio do benestar animal.

Asinado en Marín.

A Alcaldesa, María Ramallo Vázquez:

A persoa colaboradora/coidadora:



Luns, 27 de abril de 2026

Núm. 78

ANEXO III**PAUTAS PARA A INSTALACIÓN DE GAIOLAS TRAMPA PARA A RECOLLIDA DE GATOS/AS CON DESTINO A CENTROS DE ESTERILIZACIÓN OU ACOLLIDA AUTORIZADOS, OU ENTIDADES DE PROTECCIÓN ANIMAL**

A recollida de gatos e gatas debe realizarse de forma adecuada, e seguindo as directrices en materia de benestar animal.

As gaiolas trampa, correctamente utilizadas, supoñen un método eficaz e benigno de captura destes animais. Trátase de gaiolas metálicas que dispoñen dun sistema automático de peche, que acciona cando o animal accede ao interior para comer o alimento colocado previamente nela. Estas gaiolas deben ser vixiadas permanentemente pola persoa colaboradora autorizada, ou persoa designada polas entidades de colaboración, desde o momento en que son colocadas para a captura.

A utilización destas gaiolas debe efectuarse de tal forma que, unha vez capturado o animal, a súa permanencia nela sexa o que dure o traslado deste á clínica veterinaria ou centro no que se produza a esterilización. Para o que deberán seguirse as seguintes pautas:

1. Antes de recoller ningún animal deberase ter a seguridade de que a clínica veterinaria teña dispoñibilidade, para que poida ser trasladado e aceptar a súa intervención cirúrxica. Para iso, a entidade adxudicataria consultará co Concello o día en que CAAN pode realizar o transporte ás súas instalacións. O día anterior ao do transporte poderase realizar a captura dos gatos/as.
2. As gaiolas colocaranse só naquelas datas nas que estea garantido que o animal poida ser ingresado na clínica veterinaria onde se vaia realizar a esterilización.
3. Deberase garantir unha suficiente supervisión das gaiolas colocadas, de forma que se detecte inmediatamente a captura de calquera animal.
4. Retírase inmediatamente a gaiola co animal capturado, co fin de evitar que permaneza á intemperie en condicións climatolóxicas adversas ou sufra un elevado nivel de tensión. Para iso, as gaiolas teñen que estar vixiadas en todo momento.
5. Ata o momento de ser trasladado o animal á clínica veterinaria, a gaiola co animal capturado colocase nun lugar tranquilo e resgardado (se é posible ás escuras) debendo cubrirse cunha tea opaca para evitar que o animal teña referencias da contorna na que se atopa.
6. O tempo desde a captura do animal ata a súa recepción na clínica veterinaria deberá ser mínimo, coa finalidade de garantir a súa protección e non aumentar o nivel de tensión.
7. En caso de capturar femias lactantes, e tendo en conta que o obxectivo é esterilizalas, pódese localizar a camada e recollela, liberar novamente a nai e esperar á desteta dos cachorros para a súa captura, ou esterilizar a femia e deixala na colonia con moita brevidade.

Recibín,

Nome e apelidos: _____

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación:3GU4PWU87BVX3C5Y



Luns, 27 de abril de 2026

Núm. 78

ANEXO IV**Ficha de rexistro de colonia felina do Concello de Marín**

1.- DATOS IDENTIFICATIVOS DA COLONIA:

Nome ou código da colonia	
Xeolocalización	
Tipo de terreo (público e/ou privado)	
Data de creación ou detección	

2.- PERSOA/S COIDADORA/S RESPONSABLE/S:

Nome e apelidos	
DNI / NIE	
Enderezo	
Teléfono / Email	

3.- DATOS DOS ANIMAIS:

Nº estimado total de gatos	
Nº de machos	
Nº de machos esterilizados	
Nº de femias	
Nº exemplares identificados con microchip	
Nº de camadas detectadas no último ano	
Estado sanitario xeral (bo, regular ou malo)	



Luns, 27 de abril de 2026

Núm. 78

4.- CONDICIÓN DA COLONIA:

Puntos de alimentación autorizados	
Persoa ou entidade que subministra alimento	
Refuxios ou abrigos existentes	
Existe risco sanitario ou ambiental?	
En caso afirmativo, describir	

5.- OBSERVACIÓN E SEGUIMIENTO:

6.- COMPROMISOS MUNICIPAIS E VETERINARIOS:

O Concello de Marín comprométese a garantir a aplicación do método CER (Captura, Esterilización, Identificación e Retorno), o control sanitario e o rexistro actualizado da colonia a través do convenio coa Deputación de Pontevedra, programa CES, realizado por CAAN (Centro de Acollida e Protección de Animais)

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:3GU4PWU87BVX3C5Y



Luns, 27 de abril de 2026

Núm. 78

ANEXO V
FICHA DE GATOS/AS NAS COLONIAS FELINAS ESTERILIZADAS

Localización da colonia: _____

Data de captura: _____ Número de rexistro: _____

Foto:



Descrición:

Capa:

Sexo:

Data de nacemento aproximada:

Nome:

Código de identificación:

Resultado da avaliación sanitaria:

Resultado da avaliación do/a gato/a adoptable:

Data de desparasitación:

Data de esterilización:

Observacións:

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:3GU4PWU87BVX3C5Y



Luns, 27 de abril de 2026

Núm. 78

ANEXO VI

INFORME PERIÓDICO DE SEGUIMIENTO DA COLONIA

Data do informe:

Localización da colonia:

Responsable da colonia:

Nº DE ANIMAIS	MACHOS	FEMIAS
MES ANTERIOR		
NADOS		
NOVOS		
FALECIDOS		
DADOS EN ADOPCIÓN		
ENTREGADOS Á PERSOA PROPIETARIA		
TOTAIS		

Nº DE ANIMAIS ESTERILIZADOS	MACHOS	FEMIAS
MES ANTERIOR		
MES ACTUAL		
TOTAIS		

SALUBRIDADE DA ZONA

	NON	SI	OBSERVACIÓNS
LIMPEZA DA ZONA			
AUGA E COMIDA DISPONÍBLE			
ACUBILLO			
RESTO DE ALIMENTOS			
EXCREMENTOS NA COLONIA			
OUTRAS OBSERVACIÓNS			



Luns, 27 de abril de 2026

Núm. 78

ESTADO DOS ANIMAIS

	NON	SI	OBSERVACIÓNS
ANIMAIS SANS			
ANIMAIS ENFERMOS			
TRATAMENTO VETERINARIO			
GATOS NOVOS			
GATOS SEN ESTERILIZAR			
GATOS CACHORROS			

INCIDENCIA NA COLONIA

	NON	SI	OBSERVACIÓNS
CONFLITOS VECIÑAIS			
CONFLITOS ENTRE COLABORADORES			
CONFLITOS CON ALIMENTADORES NON AUTORIZADOS			
OUTRAS INCIDENCIAS			



Luns, 27 de abril de 2026

Núm. 78

**ANEXO VII. MODELOS CARNÉ DE PERSOAS COLABORADORAS
AUTORIZADAS PARA COLONIAS FELINAS CES/CER**

	COLONIAS FELINAS
NOME	
APELIDOS	
DNI	
DATA DE EXPEDICIÓN	

	COLONIAS FELINAS
Este carné é persoal e intransferible e deberá achegarse cando se requira, acompañado de calquera outro documento acreditativo. Recoñece o seu titular como persoa voluntaria autorizada polo Concello de Marín na xestión, alimentación e seguimento da colonia felina controlada existente no termo municipal de Marín e durante o tempo de validez deste. A expedición deste carné implica a aceptación, por parte do titular, das condicións recollidas no Protocolo de colonias felinas (CES/CER) aprobado polo Concello de Marín.	

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:3GU4PWU87BVX3C5Y



Luns, 27 de abril de 2026

Núm. 78

ANEXO VIII: CONTRATO DE ADOPCIÓN**CONTRATO DE ADOPCIÓN**

Comparecen

Dunha parte:

Nome e apelidos _____, maior de idade data de nacemento:
con NIF núm. _____, e enderezo en concello de _____, código postal _____, provincia _____,
en plenas facultades e a título persoal

Doutra parte:

Nome e apelidos _____, maior de idade e con NIF núm. _____, en
representación do Concello de Marín, acordan a realización deste contrato, de acordo
coas seguintes estipulacións.

1. A primeira ou primeiro adquire o seguinte animal como propiedade e coas
responsabilidades que a normativa en vigor lle atribúe:

Especie: Felis catus

Rexistro no centro:

Nome:

Raza:

Núm. de microchip:

Sexo:

Capa:

Data de nacemento:

Esterilizada/o: Si Non

Vacinada/o: Si Non

2. A nova persoa propietaria comprométese a cumprir a normativa vixente respecto
ao benestar, protección animal e tenza responsable de animais domésticos así como
a cumprir os requirimentos físicos e emocionais da especie.

3. A nova propietaria ou propietario comprométese a prestar os coidados e a atención
veterinaria necesaria ao longo de toda a vida do animal.

4. O animal adquirido non poderá utilizarse con fins lucrativos, nin para exhibición ou
participación en espectáculos públicos.

5. O animal non poderá devolverse ou entregarse noutro centro de recollida, podendo
a/o titular buscar unha nova persoa propietaria e practicar a súa cesión, mediante
comunicación asinada no Rexistro Galego de Animais Domésticos e Salvaxes en
Catividade (REGIAC).

6. A persoa propietaria comprométese a comunicarlle calquera variación nos datos
ou a morte do animal ao REGIAC.

7. A adquisición do animal é totalmente gratuíta.

O incumprimento notorio e fidedigno de calquera das obrigas anteriormente descritas
e legais asumidas pola nova persoa propietaria, en virtude deste contrato, suporá a
súa resolución de pleno dereito, ao dársele ao devandito incumprimento o carácter
de condición resolutoria expresamente aceptada polas partes, e polo tanto facultará
o Concello do Marín para decidir unilateralmente retirar a custodia do animal de
inmediato e practicar a denuncia correspondente no caso do incumprimento
manifesto da normativa vixente.

Sinatura

Propietaria/o que se compromete a cumprir o contrato: Concello de Marín:

Lugar e data de sinatura

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación:3GU4PWU87BVX3C5Y

